

Materiais para o profesorado

2. Bullying



1. Definición

Bully: termo inglés que significa matón ou agresor.

Bullying: comportamento prolongado de insulto verbal, rexeitamento social, intimidación psicolóxica e/ou agresividade física duns rapaces cara outros que se converten, desta forma, en vítimas dos seus compañeiros (Olweus, 1993).

2. Características do *Bullying*

- ✓ Adoita incluír condutas de diversa natureza (burlas, ameazas, agresións físicas, illamento sistemático, ...).
- ✓ Tende a orixinar problemas que se repiten e prolongan durante certo tempo.
- ✓ Adoita estar provocado por un alumno ou alumna, apoiado por un grupo, contra unha vítima que se atopa indefensa.
- ✓ Mantense debido á ignorancia ou pasividade das persoas que rodean ós agresores e agresoras e ás vítimas sen intervir directamente.
- ✓ A vítima desenvolve medo e rexeitamento ao contexto no que sofre a violencia; perda de confianza en si mesmo e nos demais, e diminución do rendemento escolar.
- ✓ Diminúe a capacidade de comprensión moral e de empatía do agresor, mentres que se produce un reforzo dun estilo violento de interacción.
- ✓ Nas persoas que observan a violencia sen facer nada para evitala, prodúcese falta de sensibilidade, apatía e insolidariedade.
- ✓ Redúcese a calidade de vida do ámbito no que se produce: dificultade para lograr obxectivos e aumento dos problemas e tensións.



3. Tipos de *Bullying*

FÍSICO:	• empuxóns, patadas, agresións con obxectos, ...
VERBAL:	• insultos e alcumes, menosprezos en público, resaltar defectos físicos, ... É o máis habitual.
PSICOLÓXICO:	• minan a autoestima do individuo e fomentan a súa sensación de temor.
SOCIAL:	• pretende illar ó mozo do resto do grupo e compañeiros.

Ás veces, poden aparecer de forma simultánea.

4. O teu papel

4.1. ¿Es dos que agreden?

Se es un rapaz ou unha rapaza que estás metido neste tipo de condutas, seguramente tes un problema.

Cando unha persoa agrede a outra, a miúdo faino porque non é feliz. Deberías buscar que te pasa e por qué necesitas “meterte” con outras persoas, especialmente, se aparentan ser máis “débiles” ou “diferentes” que ti.

Quizais dixéronte que é malo máis seguramente non é certo; o máis probable é que necesites controlar aos demais porque non te sentes ben contigo mesmo.

Ás veces, agredimos porque sentímonos enfadados, feridos ou asustados e non sabemos como poñer os nosos sentimentos en palabras; entón, “descargamos” sobre outro e así podémonos sentir valentes e fortes, pero isto non soluciona nada, xa que continuamos a ter o problema.


A violencia non é a mellor forma de resolver conflitos, solo xera máis violencia. Se por un momento nos parásemos a pensar como se sente a persoa á que facemos dano, seguramente non o faríamos.

Debemos aprender outras formas de resolver os problemas e de relacionarnos. Temos que atopar formas que nos satisfagan a todos. Así aumentará o noso benestar.

4.2. ¿Es espectador?

Ser espectador de situacións de maltrato tamén ten consecuencias negativas para un mesmo. Aínda que as veces poidamos pensar que “isto non vai comigo”, “eu non me meto” e cousas así, ser espectador dunha agresión e non intervir nin avisar a ninguén, representa converterse en cómplice e, máis tarde, insensibiliza fronte á violencia.

É normal sentir rexeitamento ou incluso medo fronte a situacións violentas, máis non deben deixarnos indiferentes. A mosar abertamente que aquela situación non nos agrada a pode parar, sobre todo, se non o fas ti solo. Ás veces, é suficiente que alguén comece.



Tal vez non queiramos ver nada do que pasa por medo ou para buscarmos problemas. Debemos actuar con intelixencia e valorar se podemos dar soporte ou axudar directamente á vítima, ou si é mellor pedir axuda a un profesor.

Se coñeces algún compañeiro ou compañeira que se atope nesta situación, debes darlle o teu apoio, ninguén merece ser vítima de maltrato.

4.2.1. Consellos para evitar ser un mero espectador

1. Se ves que un compañeiro abusa doutro, ti debes actuar. Dicir basta, nor rirte e poñerte no lado da vítima. Acudir a un adulto é a túa obriga. Ti podes axudar a que isto pare.
2. Aínda que creas que o compañeiro obxecto de burlas ou acoso non sofre, iso non é certo. Está a sufrir un dano que, ás veces, é irreparable e ti podes ser responsable aínda que so sexa coma espectador. Se exerces ou consentes o maltrato, quizais estás a conseguir que alguén sexa para sempre unha persoa infeliz.
3. Dicirlle aos adultos o que sucede non é ser “acusica” nin ser covarde. Es máis covarde cando non actúas. Covardes son os que actúan en grupo para facer dano a outro compañeiro que está so.
4. Non son bromas. Nas bromas, rimos todos con todos. Non todos dun. Esa é a diferenza.
5. Fai que a vítima llo conte aos seus pais ou a outro adulto, ao seu profesor, ... Ofrécete para ir con el se iso o fai sentirse máis seguro.
6. Se non se atreve, di que ti podes facelo, e acode a pedir axuda no seu nome. Se o colexio ten un programa de informe de agresións, como unha liña de teléfono especial ou unha caixa de correo, ou un e-mail, úsao. Se non sabes qué facer, diríxete a algunha asociación, a algún teléfono de axuda a menores.
7. Non é “o seu problema”, non son pelexas igualitarias, están a abusar dunha persoa igual que ti, simplemente máis débil ou distinta... non te xustifiques.
8. Non esquezas que ti, co silencio e a pasividade, estás a alentar ós agresores, eles pensan que poden gañar e non é certo.
9. A unión fai a forza. Involucra a todos os que poidas, amigos, profesores, aos pais, ... máis cóntao, fai que os demais entendan o que está a pasar, trata de que os teus amigos te apoiem.
10. Axuda ao que o precise e, cando ti necesites axuda, alguén te axudará tamén.



4.2.2. 10 puntos para pensar

1. O maltrato non é broma. Nunha broma rísen todos; cando alguén se molesta, asústase ou sofre xa non é unha broma. O maltrato vulnera os dereitos das persoas e isto non é motivo de risa.
2. Ninguén merece ser maltratado. Se di que “hai xente que o busca” pero iso é unha escusa para xustificar a agresión e quedar ben. Todos temos dereito a ser tratados con respecto.
3. Se te pegan ou insultan, mellor non responder do mesmo xeito. Moitas veces, devolver a agresión so empeora a situación. Debemos atopar xeitos asertivos de resolver os conflitos.
4. Non só maltratan os mozos. Dise que as pelexas “son cousas de nenos” máis deixar de lado a unha persoa, facer correr falsos rumores para que deixen de serlle amigo, excluíla do grupo, ... tamén é maltrato. E isto o fan máis as rapazas. Diremos que as rapazas utilizan outros xeitos de maltratar.

5. Os rapaces e rapazas que son maltratados non son persoas “débiles” que non se saben defender. Cando un grupo intimida a unha persoa sola, é moi difícil plantarlle cara. Os covardes son os que precisan ir en grupo para sentirse fortes. Ás veces, as vítimas son persoas fortes e intelixentes ou que teñen algunha habilidade que esperta a envexa dos demais..



6. Dicirlllo ó profesor non é “chivarse”. Recibir ou ser testemuña dun maltrato e dicirlllo a un adulto é defendelos dereitos dunha persoa que precise axuda; e isto é ser solidario, intelixente, honesto e responsable.

7. Os rapaces e rapazas que son maltratados acostuman a estar tristes e padecen durante moito tempo. Non son felices e debemos axudarlles porque sofren unha situación inxusta.

8. Cando alguén está a pelexar, mellor non meterse mais debemos buscar a maneira de deter a pelexa e pódese facer buscando a axuda dun adulto. Un espectador convértese en cómplice cando non intervén nin denuncia as agresións.

9. Castigar ós mozos e mozas que prexudican a outros é unha posibilidade máis non a única. Hai mozos e mozas que agreden porque non aprenderon outros xeitos de relacionarse. E teñen que aprender.

10. A vítima necesita axuda máis tamén os mozos e mozas que agreden; a miúdo, non se senten ben consigo mesmos. Todos necesitamos aprender xeitos pacíficos de resolver conflitos para mellorar a convivencia e ser máis felices.

5. Procedementos xudiciais

O Bullying pode chegar a ser un asunto serio que teña que buscar vías de solución a través dunha denuncia pola comisión de diferentes faltas ou delitos contra as persoas. O Código Penal español recolle as situacións frecuentes que se poden dar nun episodio deste tipo:

- Artigos 147 e 156: Falta e delitos de lesións.
- Artigos 205 e 216: Delito de injurias e calumnias.
- Artigos 169 e 171: Ameazas.
- Artigo 172: Coaccións.



6. Recursos

6.1. Páxinas Web

- <http://www.acosoescolar.info/index.htm> (práctica tanto para pais como para alumnos)
- <http://www.xtec.cat> (Generalitat de Catalunya, Departament d'Ensenyament)
- <http://www20.gencat.cat/docs/Educacio/Documents/ARXIUS/convi.pdf> (Programa de Convivencia nos centros docentes de ensinanza secundaria, Generalitat de Catalunya)
- <http://www.bullying-in-school.info/es/content/pagina-principal.html> (VISIONARY: proxecto europeo de cooperación centrado na prevención do Bullying e da violencia nas escolas, dirixido a profesores e profesoras, alumnos e alumnas, pais e nais, expertos e expertas, e calquera persoa que poida estar interesada nesta problemática)
- <http://www.friends.se> (web sueca na que podemos utilizar diverso material audiovisual a través de vídeos)
- http://www.elmundo.es/resumen/2004/enboca/enboca_5.html (resumo do caso Jokin)
- http://mobbingopinion.bpweb.net/artman/publish/article_1752.shtml (sentencia do caso Jokin)
- <http://www.bastadebullying.com/> (interesante web na que incluso podes cubrir una enquisa anónima sobre o Bullying)
- <http://stopbullying.bitstrips.com/> (utilización deste recurso en inglés no que atoparás diferentes actividades. Poderás ler un mini cómic na clase e xogar a traducilo)
- http://213.0.8.18/portal/Educantabria/RECURSOS/Materiales/Biblinter/D-MenorMAdrid__el_maltrato_entre_escolares__jovenes.pdf (guía sobre o maltrato escolar entre mozos. Defensor do Menor da Comunidade de Madrid)
- http://213.0.8.18/portal/Educantabria/RECURSOS/Materiales/Biblinter/D-MenorMAdrid__el_maltrato_entre_escolares__padres.pdf (guía para pais)
- <http://entrepasillosyaulas.blogspot.com.es/2010/12/recursos-para-tratar-el-acoso-escolar.html> (interesante blog dun instituto de Cádiz con múltiples accesos a materiais didácticos e enlaces relacionados)
- <https://docs.google.com/file/d/0B9Sh4OTjNqjsOGI3ZDc5ZWEtZmUxOC00MWWmLTk1YzEtYzBhN2YxOTc3NzQw/edit?hl=es&pli=1> (cuestionario sobre a convivencia do alumnado no instituto)
- http://blog.educastur.es/convivencia/files/2007/08/clima_centro_aula_alumno.pdf (cuestionarios sobre clima de centro e aula)

- www.acosoescolar.com Instituto de Innovación educativa e desenvolvemento directivo (IIEDDI). Equipo de carácter independente comprometido coa avaliación, o tratamento e a asistencia das vítimas de acoso.
- www.noalacoso.org Axuda e orientación ás persoas que sofren ou sufriron acoso escolar.
- www.gobiernodecanarias.org Guía para o profesorado sobre acoso escolar: detección, identificación, intervención e prevención.
- www.pantallasamigas.net
- www.ciberbullying.net
- www.osi.es

6.2. Vídeos

- http://www.youtube.com/watch?v=_j1B8kvphcM (dance bully, proceso dun Bullying animado, Canadá)
- <http://www.youtube.com/watch?v=QXowcrBZPjA&list=UUv2X3R30cWi5cenA7qAkW-Q&index=7&feature=plcp> (agónico camiño á escola)
- http://www.youtube.com/watch?v=jg5_eOKDZQM&list=UUv2X3R30cWi5cenA7qAkW-Q&index=8&feature=plcp (as túas palabras fan a diferenza: "Låt dina ord göra skillnad!")

Nota: non importa entender ou non os significados das diferentes palabras que aparecen no vídeo, a última que aparece en vermello significa HOLA!

- <http://www.youtube.com/watch?feature=endscreen&NR=1&v=ktnIXiEUQt4> (violencia verbal) O dano non visible das palabras.
- <http://www.youtube.com/watch?NR=1&feature=endscreen&v=tfSVtTSVP7g> (Osynlig: invisible)
- <http://www.youtube.com/watch?v=ozn6OXMvhaM&list=UUv2X3R30cWi5cenA7qAkW-Q&index=1&feature=plcp> (xuntos) o poder do Grupo fronte a discriminación
- <http://www.youtube.com/watch?v=nno8yGoIB7U&list=UUv2X3R30cWi5cenA7qAkW-Q&index=3&feature=plcp> (cada día desaparece un soño) As consecuencias dunha desagradable presión grupal.
- <http://www.youtube.com/watch?v=Fw1o8DE4wpk&list=UUv2X3R30cWi5cenA7qAkW-Q&index=5&feature=plcp> (adultos recreando situacións típicas do Bullying no seu lugar de traballo)
- <http://www.youtube.com/watch?v=IM87nv08HOk&list=UUv2X3R30cWi5cenA7qAkW-Q&index=8&feature=plcp> (bonito exemplo de solidariedade entre iguais)
- <http://www.youtube.com/watch?v=fX5prAne5rw> (recordatorio do caso Jokin e as responsabilidades)
- http://www.youtube.com/watch?v=mgxwC_Z6Qy4 (Vídeo en inglés con subtítulos dun rapaz atormentado polo Bullying, que ten algo para contar)

ACTIVIDADE PARA A AULA

DESTINATARIOS:

Alumnos de ESO e Bacharelato de entre 14 e 18 anos. Poden incluírse os alumnos dos PCPI nos centros nos que se impartan.

ÁREAS CURRICULARES IMPLICADAS:

O fenómeno do *Bullying* pode ser tratado desde diferentes áreas como Ética ou Filosofía e, principalmente, nas horas de titoría grupal e individual.

COMPETENCIAS BÁSICAS:

Estas actividades están dirixidas a desenvolver as competencias Social e Cidadana, de Iniciativa e Autonomía persoal e a de Aprender a Aprender.

OBJECTIVOS DA ACTIVIDADE:

- Ser conscientes da embergadura do problema do Bullying.
- Detectar posibles casos de Bullying na aula.
- Axudar ao alumnado a frear os posibles casos de Bullying.
- Dar pautas para a mellor actuación nos casos de Bullying.
- Previr posibles condutas de Bullying na aula e no instituto.



CONCEPTOS CLAVES:

- Acoso
- Agresor
- Víctima
- Silencio
- Chivarse
- Espectador

INDICACIÓN PARA O PROFESORADO:

Trátase especialmente de prever e detectar posibles situacións de Bullying na aula e no instituto. Nesta proposta, preséntanse moitas actividades das que o profesorado elixirá as que considere máis apropiadas á situación que perciba no grupo. Pódese adaptar a actividade simplemente a unha sesión de 50 minutos ou dedicar varias sesións a traballar o Bullying. Na parte final, ofértanse 2 cuestionarios: Cuestionario sobre a convivencia no Instituto (Ficha 6) e Cuestionario de clima de centro e aula para o alumnado (Ficha 7), que o profesorado poderá decidir se é preciso pasar a algún alumno ou alumna (ou incluso a toda a clase) trala sesión.



FONTES:

- <http://entrepasillosyaulas.blogspot.com.es/2010/12/recursos-para-tratar-el-acoso-escolar.html> (acceso directo a recursos educativos, guías para el alumnado, actividades de clase, guías para familias, comics, canciones, videos, películas).
- <http://www.acosoescolar.info/index.htm>
- <http://www.xtec.cat/~jcollell/> (acceso a diferentes guías).
- <http://www.xtec.cat/~jcollell/ZGuia%20Alumnes%20Secundaria.pdf> (YTU, ¿QUÉ PUEDES HACER? Maltrato entre iguales: vivir y convivir en la ESO).
- <https://docs.google.com/file/d/0B9Sh4OTjNqjsMjc5ZWYxMDctZGI3NC00NjVklWlxYzYtN2NiY2I2M2E4ZWE4/edit?hl=es&pli=1> (Guía para alumnos y alumnas de Secundaria: Tratémonos Bien).
- http://www.navarra.es/home_es/Gobierno+de+Navarra/Organigrama/Los+departamentos/Educacion/
- <http://www.educacion.navarra.es/portal/Informacion+de+Interes/Asesoria+para+la+Convivencia/Profesorado/Tutoria> (con acceso a materiais para tutorías).
- Película *Bullying*: Josecho San Mateo (dentro do material para titorías da web de educación. navarra)
- <http://www.pediatriabasedaenpruebas.com/2011/04/cine-y-pediatria-67-el-acoso-escolar.html>: Película Klass
- Guía para mozos. Defensor do Menor, Comunidade de Madrid.
- <http://bulling6.blogspot.com.es/2009/03/caracteristicas-y-tipos-de-bullying.html>
- Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro.

DESENVOLVEMENTO:

1. Dinámica do papel arrogado. A través desta dinámica de distensión, a clase vaise meter de cheo na comprensión de determinados comportamentos e, sobre todo, en relación á importancia das nosas actuacións, moitas delas irreversibles.

Trátase de repartir un folio a cada persoa da clase. Ó aviso do profesor, cada un fará unha bola, canto máis pequena mellor. O profesor alentará ós alumnos e alumnas para que se esforcen en rebaixar o seu volume. Cando remate o tempo, máis ou menos un minuto, lerá o relato de Paulo Coelho: Cando sintas gañas de estalar, recorda, “o papel arrogado”. Ver Ficha 1.

Para finalizar esta dinámica, pódense utilizar os seguintes vídeos sobre a violencia verbal:

- <http://www.youtube.com/watch?v=nno8yGolB7U&list=UUv2X3R30cWi5cenA7qAkW-Q&index=3&feature=plcp> (Cada día desaparece un soño). As consecuencias dunha desagradable presión grupal.
- <http://www.youtube.com/watch?v=QXowcrBZPjA&list=UUv2X3R30cWi5cenA7qAkW-Q&index=7&feature=plcp> (Agónico camiño á escola).

2. Dinámica sobre coidar ó compañeiro. Ó igual que na anterior dinámica, destaca a importancia da trascendencia dos nosos actos en relación a terceiras persoas. O profesor lerá ou mandará ler a algún alumno ou alumna a Ficha 2. Seguidamente, pódese proxectar o seguinte vídeo:

- <http://www.youtube.com/watch?v=Fw1o8DE4wpk&list=UUv2X3R30cWi5cenA7qAkW-Q&index=5&feature=plcp> (adultos recreando situacións típicas do Bullying no seu lugar de traballo)

3. O Ciberbullying. É o hostigamiento psicolóxico intencionado e reiterado por medio das TIC (Internet e telefonía móbil principalmente) entre iguais.

Para entender ben o Ciberbullying pode proxectarse o seguinte vídeo:

•<http://www.youtube.com/watch?feature=endscreen&NR=1&v=vbu1Jd5GOg> Ciberbullying, ¿qué es?



4. Relato sobre *Bullying*. A través desta historia, os alumnos e alumnas poden dar respostas propias sobre xeitos de actuar diferentes, situacións que poden chegar a poñer en práctica ou simplemente deixar de actuar de determinado xeito. O profesor le ou manda ler a un alumno ou alumna o RELATO (Ficha 3). Primeiro, escóitase o relato e logo os alumnos e alumnas han de propor medidas para axudar aos distintos personaxes desta historia. Unha vez lido o relato, cada alumno ou alumna deberá contestar ás seguintes preguntas:

- ◆ Escribe 3 cousas que che fan máis difíciles as túas relacións na clase.
- ◆ Escribe 3 cousas que valoras máis dos teus compañeiros e compañeiras de clase.
- ◆ ¿Cales cres que son os motivos polos que temos dificultades de relación na clase?
- ◆ ¿Qué poderíamos facer para resolver estas dificultades?
- ◆ ¿Qué podemos facer para fomentar e mellorar as relación positivas que xa existen?

Posteriormente, pódese proxectar o seguinte vídeo:

•<http://www.youtube.com/watch?v=IM87nv08HOk&list=UUv2X3R30cWi5cenA7qAkW-Q&index=8&feature=plcp> (bonito exemplo de solidariedade entre iguais).

5. Audio en inglés sobre un relato. O seguinte enlace danos acceso a unha narración dunha historia sobre un alumno que é molestado frecuentemente polos seus compañeiros. O protagonista provoca cambios nas dinámicas habituais para evitar esta situación. A historia pódese escoitar a través dun audio con diferentes acentos, polo que tamén se poden apreciar as diferenzas orais entre o inglés americano e o británico.

•<http://cuentosparadormir.com/infantiles/cuento/titin-el-nino-avispa>

OUTRAS ACTIVIDADES:

Se o tema se considera de interese, pódese seguir profundizando nel a través do traballo das seguintes películas:

- ◆ **Película "BULLYING"**. Con material didáctico para traballar na aula, así como con unha dinámica para o concepto de empatía. (Ver Ficha 4).
- ◆ **Película "KLASS"**. Con dinámica para realizar coa clase unha vez finalice a proxección do filme (Ver Ficha 5). Pódese utilizar:

• <http://www.youtube.com/watch?v=fX5prAne5rw>: recordatorio do caso Jokin

• http://www.elmundo.es/resumen/2004/enboca/enboca_5.html: resumo do caso Jokin

• http://mobbingopinion.bpweb.net/artman/publish/article_1752.shtml: sentenza do caso Jokin

Ficha 1: O PAPEL ARROGADO

“O meu carácter impulsivo faciame rebentar en cólera á menor provocación. A maior parte das veces, despois dun destes incidentes, sentíame avergonzado e esforzábame por consolar a quen danara. Un día, o meu pai, quen me viu dando escusas despois dunha explosión de ira, entregoume un papel liso. E entón díxome:

- ARRÓGAO!!!!!!

Asombrado, obedecín e fixen unha bola co papel. Logo díxome:

- Agora déixao como estaba antes.

Por suposto, non puideren deixalo como estaba. Por máis que tratei, o papel quedou cheo de arrogas. Entón volveu dicir:

- O corazón das persoas é como ese papel. A impresión que deixas nese corazón que mancaches, será tan difícil de borrar como esas arrogas no papel.

Aínda que intentemos emendar o erro, xa estará “marcado”. Por impulso, non nos controlamos e, sen pensar, botamos palabras cheas de odio e rancor e logo, cando pensamos niso, arrepentímonos. Máis non podemos dar marcha atrás, non podemos borrar o que quedou gravado. E o máis triste é que deixamos “arrogas” en moitos corazóns. Dende hoxe, sé máis comprensivo e paciente.

Cando sintas gañas de estalar, recorda “O papel arrogado”.

Ficha 2: COIDAR Ó COMPAÑEIRO OU COMPAÑEIRA

Unha muller, tanto foi pregoando que a súa veciña era unha ladroa, que a rapaza acabou presa. Algúns días despois, cando descubriron que era inocente, deixárona en liberdade e ela denunciou á outra muller no Xulgado.

-Facer uns comentarios non é tan grave –dixo a veciña ao Xuíz.

-De acordo –respondeu o maxistrado-. Hoxe, ao regresar a túa casa, escribe todo o que falaches mal sobre esta moza, despois corta en anaquiños pequenos o papel e vainos tirando de camiño a túa casa. Mañá volve para escoitar a miña sentenza.

A muller obedeceu e volveu ó día seguinte.

-Estás perdoada se me entregas os anacos de papel que tiraches onte. No caso contrario, serás condenada a un ano de prisión –declarou o maxistrado.

-Pero, ¡iso é imposible! O vento xa dispersou todo! –dixo a muller.

-Do mesmo xeito tes que saber que un simple comentario pode ser espaxado polo vento, destruír a honra dunha persoa e, despois, é imposible arranxar o mal que se fixo.

E o Xuíz enviou á muller ao cárcere.

Ficha 3: RELATO. O MALTRATO ENTRE ESCOLARES

“Mudarámonos de cidade polo traballo do meu pai. Eu entraba nun colexio novo, estaba moi contento, faría máis amigos e estaba seguro de que ía a ser un bo curso.

Ao principio, todo foi ben, só tiña dous amigos máis eran moi simpáticos. Un día, os meus amigos pedíronme prestados os 2 euros que tiña para o almorzo, e eu deixeiillos. Ao día seguinte, pasou igual e eu volvinllos deixar, aínda que quedábame sen almorzar. Así pasaron varios días e non me dicían nada de devolverme os cartos. Ao sexto día repetiuse a situación, eu tiña moita fame e díxenlles que ía a comprar un bocadillo para almorzar. Entón foi cando comezaron os problemas, quitáronme os meus cartos á forza... ¡outro día sen almorzar!. Xa non so me obrigaban a darlles os meus 2 euros, senón que tiña que traer 4, 2 para cada un. Eu díxenlles que non, que os meus pais dábanme suficiente e non podía pedirilles máis cartos, que non era xusto e que xa non lles ía a dar máis. A mañá seguinte, xa nin me miraban, ignorábanme. Agora non tiña amigos, máis dábame igual, preferíao.

Durante un tempo non pasou nada, ata que un día me colleron so no servizo, pedíronme todos os cartos –claro, eu so tiña os meus 2 euros diarios- así que comezaron a pegarme ata deixarme tirado no chan, e despois me quitaron a miña cazadora. Ata entón non llo contara a ninguén, máis un neno que entrou posteriormente no servizo, atopoume tirado e me preguntou que me acontecera. Conteille toda a miña historia e díxome que eses dous nenos xa o fixeran outras veces. Ó chegar a casa, decidín contar ós meus pais o ocorrido, que puxéronse en contacto co instituto, en concreto, co meu titor. Dende o centro escolar, citaron ós rapaces en cuestión e, unha vez confirmaron o sucedido con eles, chamaron ós seus pais.

Esta situación non volveu a sucederme máis, nin a min nin a ningún outro compañeiro. Estes dous rapaces foron avisados de expulsión, polo que nestes intres nin me falan. Eu son feliz”.

Pedro, 14 anos.

Ficha 4: PELÍCULA “BULLYING”



a) Sinopse


Jordi é un mozo de 15 anos que perdeu recentemente ó seu pai e que, xunto coa súa nai, decide cambiar de cidade para comezar unha nova vida. E ao principio, todo parece ir ben. Máis o destino resérvale unha terrible sorpresa xa que, cando Jordi traspase o albor do novo instituto ó que se incorpora, cruzará sen sabelo a tenebrosa fronteira do mesmo inferno.

E quen o invita a entrar nel, cun arrepiante sorriso nos labios, é Nacho, un compañeiro de clase que, a pesar da súa idade, pertence xa á raza dos que se alimentan unicamente do medo e da dor allea.

A Jordi espéran –a el e a nós- unha aterradora viaxe, polo que pasará das suspicacias ás sospeitas, destas á humillación e ó descubrimento de que a maldade existe; da tensión ó medo, e deste ó pánico irreprimible... que logrará que o seu corazón e o noso desboquen en angustiosas palpitacións. Nacho, como unha encarnación do mal, será capaz de lograr que, no pesadelo que somerxe a Jordi, cada día que pase sexa superado en violencia e crueldade polo seguinte.


Unha nai confundida que non logra comprender o que acontece, un escuro e misterioso personaxe que carga cun segredo do pasado, e unha rapaza, Ania, capaz de entender a Jordi porque ela tamén coñece os mil rostros do horror, serán os compañeiros de viaxe cuxo termo será decidido nunha reacción final do propio Jordi que, como calquera ser humano, ten na liberdade unha meta vital indispensable, que busca con desespero ata atopala.

b) Personaxes




JULIA

A nai de Jordi é Julia, unha enfermeira á que o seu traballo lle quita moito tempo persoal (ten que facer frecuentes quendas de noite porque necesita os cartos ao quedar viúva). Sospeita que a Jordi lle sucede algo.



JORDI

Jordi, o protagonista, é un rapaz adolescente que non quere ir ao instituto porque sofre as burlas e o acoso físico dalgúns dos seus compañeiros da clase.




NACHO

Nacho, o antagonista, é o principal impulsor do acoso contra Jordi. É o líder da clase.



ANIA

Amiga de Jordi de outro instituto, ela tamén sofre bullying.



AMIGOS DE NACHO

Son os integrantes do grupo de acosadores que lidera Nacho.




NOIVA DE NACHO

Na maior parte das ocasións permanece impasible ante o acoso ao que o seu noivo somete a Jordi.



COMPAÑEIROS DE CLASE

Non interveñen no bullying, pero tampouco fan nada por evitalo.



BRUNO (VECIÑO DE NACHO)

Intenta axudar a Jordi enfrontándose a Nacho.

DIRECTORA DO INSTITUTO E TITOR DE JORDI

Non se dan conta do acoso que sofre Jordi e, cando llo conta a súa nai, non queren dar crédito. Cando se deciden a facer algo, xa é demasiado tarde.

c) Obxectivos

- ✓ Achegarse, de forma crítica, ao acoso escolar.
- ✓ Recoñecer o acoso como violencia de diversos grados.
- ✓ Posicionarse a favor da xustiza en temas de acoso.
- ✓ Recoñecer que o silencio fai cómplices das accións que se presenciaren.
- ✓ Entender o acoso como un problema social ante o que se pode responder de forma activa ou pasiva, a favor ou en contra.
- ✓ Coñecer as distintas situacións persoais, familiares e sociais que poden darse nun ámbito de *bullying*.
- ✓ Desenvolver estratexias de resolución de conflitos ante unha situación de violencia escolar.
- ✓ Identificar relacións negativas entre iguais.
- ✓ Defender a identidade propia ante o grupo.
- ✓ Analizar e comprender as relacións paterno filiais.
- ✓ Fomentar a comunicación positiva entre os membros da comunidade educativa.

d) Metodoloxía

Hai dúas propostas didácticas, e unha terceira se se aplicasen as dúas. Será necesario utilizar varias sesións de clase. En cada sesión, realizarase unha actividade coa que o titor ou titora poderá facer que os alumnos e alumnas coñezan mellor os distintos aspectos relacionados co bullying. As propostas pódense realizar individualmente, aínda que así non se chegará a todos os obxectivos formulados. É moi importante que o titor o titora cren un clima distendido que fomente a participación para que o alumnado poida e desexe expresar as súas opinións.

e) Grupo destinatario

Segundo ciclo da ESO.

f) Antes de ver a película...

A profesora ou profesor pon as normas de traballo e pregunta ó grupo (pode facelo a todo o grupo ou formular por escrito as preguntas a pequenos grupos de 4 persoas). "Imos ver unha película que se titula BULLYING..."

- ✓ ¿Sobre qué cres que vai tratar a película?
- ✓ ¿Sabes qué é o Bullying?
- ✓ ¿Qué che suxire o título?
- ✓ ¿Poderías poñer o nome español a esta palabra inglesa?
- ✓ ¿Poderías poñer o nome galego a esta palabra inglesa?
- ✓ ¿Coñeces algún caso de Bullying próximo ó teu ámbito?

A profesora ou profesor da unha mensaxe parecida a esta: "Como vos digo, a película que ides ver titúlase Bullying, é unha película dura, seguramente pareceravos un pouco esaxerada, pois chega a puntos extremos no seu argumento. Nós imos ver esta película cunha formulación de aprendizaxe, gustaríame chegar ao voso sentimento e que, dalgún xeito, chegásemos a un compromiso primeiro individual e despois colectivo: que como grupo nos posicionásemos ante este problema que tanto sufrimento pode xerar. Gustaríame que entendésemos que a dignidade das persoas non pode ser discutida: aceptación incondicional das persoas aínda que censuremos aquilo que as persoas fan. O meu desexo principal é que esta película nos axude a respectarnos cada vez máis e que, ante as inxustizas deste tipo, tomemos partido individual e colectivamente como axentes de paz e respecto. É unha película violenta, espero que saibamos vela baixo o prisma de xente que desexa funcionar ben pola vida. Na película aparecen varios personaxes cos que ides identificarvos. Mentres vexades a película pensade que sodes esa personaxe concreta que vos vou dar. Metidos na personaxe, deberedes responder ás seguintes preguntas" (o profesor ou profesora reparte as preguntas do punto seguinte xunto cos nomes das personaxes).

- ✓ Jordi. Protagonista. Un rapaz.
- ✓ Nacho. Antagonista. Un rapaz.
- ✓ Ania. Amiga. Unha rapaza.
- ✓ Amigos de Nacho. Un máximo de 10 persoas.
- ✓ Noiva de Nacho. Unha rapaza.
- ✓ Julia. Unha rapaza.
- ✓ Directora do instituto. Unha rapaza.
- ✓ Titor de Jordi. Un rapaz.
- ✓ Bruno. Un rapaz.

O titor ou titora da uns minutos para que lean as preguntas que deben ter presentes durante a película.

Nota: se na clase hai algunha persoa que padece acoso non se lle entregará o papel de Jordi.

g) Durante a película...

Cada alumno ou alumna identifícase cunha personaxe e ten presentes, durante a proxección, as seguintes preguntas:

- ✓ ¿Qué fago eu nesta ficción? (ou, ¿Qué fai a miña personaxe?)
- ✓ ¿Cómo me sinto? (ou, ¿Cómo se sinte esta personaxe?)
- ✓ ¿Sei como se sinte Jordi?, ¿quero que se sinta así? (Para Jordi: ¿Cómo se senten os que me amolan?, ¿por qué me fan isto?)
- ✓ ¿Cres que na vida real tes algo en común coa personaxe que che tocou?
- ✓ ¿Con cal das personaxes te sentes máis identificado ou identificada?, ¿por qué?

O diálogo na aula pode abarcar tódolos temas que se consideren convenientes, máis sería importante valorar se saíron ou non os seguintes:

- A película *Bullying* céntrase en Jordi, un mozo que sofre debido á acción directa dalgúns compañeiros e polo silencio cómplice dos demais.
- O medo parálizanos.
- O silencio ante un delito fainos cómplices.
- O silencio é un dos elementos clave nunha situación de maltrato. Víctima, agresor e quen o ve non fan nada, caen nesta trampa. Ás veces, “non chivarse” é non pedir axuda, é actuar a favor da inxustiza ou, como neste caso, a favor dos delincuentes.
- O acoso escolar é un tipo de maltrato. Ten aspectos psicolóxicos, sociais e físicos. Mantense no tempo. A persoa que o padece sofre moito. Provocar sufrimento é crueldade.
- Non é o mesmo ter un conflito que ter unha bronca. Un conflito pode ser resolto sen violencia, sen bronca.
- Nunha situación de acoso, o poder do maltratador pode xurdir como consecuencia do medo que lle teñen os demais.
- Nunha situación de violencia escolar, pode suceder que os adultos non estean suficientemente alerta como para detectar a tempo a indefensión da vítima.

Nos últimos anos, aumentou o acoso mediante o teléfono móbil, o correo electrónico, Tuenti, Messenger, Youtube, ... Esta forma de violencia silenciosa pasa máis desapercibida para o profesorado e para os pais. É necesario que os mozos saiban defenderse e defender ós que poidan padecer estes acosos na rede.

e) Outra proposta didáctica: A EMPATÍA

EMPATÍA: é unha habilidade, propia do ser humano, que nos permite comprender e experimentar o punto de vista doutros sen por iso ter que estar de acordo. É a capacidade de poñerse no lugar da outra persoa para, dende aí, comprendelo. Non abonda con entender ao outro, hai que demostralo. Unha persoa pode ter motivos para actuar ou pensar desa forma.

Preguntas para un diálogo, que pode ser en pequenos grupos con posta en común posterior, ou directamente con todo o grupo (pode abordarse a dinámica completa ou seleccionar aquilo que se considere máis importante):

⇒ Jordi:

- ¿Cómo crees que se sentía?
- ¿Tiña a culpa de algo?
- ¿Por qué non lle conta nin a súa nai nin ó seu titor?
- ¿Por qué lle conta a Ania?
- ¿Por qué falta Jordi ó instituto?
- ¿Por qué desaparece Jordi?
- A solución que tomou, ¿era a idónea?, ¿qué outras había?

⇒ Nacho:

- ¿Por qué se comporta así?
- ¿Arrepíntese nalgún momento?
- ¿Crees que entende o sufrimento que está a ocasionar?
- ¿Por parte de quen sofre malos tratos?

⇒ Laxante e escena no baño:

- ¿Quén lle deu o laxante?
- ¿Por qué o bebe Jordi?
- ¿Por qué non deixaron entrar a Jordi ao baño?
- ¿Cómo se sentiu Jordi?
- ¿Por qué non fixeron nada as persoas que estaban a mirar?, ¿qué terías feito ti?, ¿por qué?

⇒ Festa de Nacho:

- ¿Por qué foi Jordi á festa de Nacho?
- ¿Qué lle fixeron a Jordi Nacho e os seus amigos?
- ¿Qué sentía Nacho?
- ¿Qué sentía Jordi?
- ¿Por qué non fixeron nada as persoas que estaban a mirar?, ¿qué terías feito ti?, ¿por qué?

⇒ No baño despois de que Jordi falase co profesor de educación física:

- Cando Jordi fala co profesor de educación física e o ve Nacho, ¿elixiu Jordi o momento oportuno para manter esta conversa?
- ¿Qué lle fixo Nacho a Jordi?

⇒ A pata de Birria:

- ¿Por qué Nacho lle rompe a pata á cadela de Jordi?
- ¿Qué lle pide Nacho a Jordi?

⇒ Charla no instituto sobre Bullying:

- Reflexiona sobre todo o que lle fixeron a Jordi

⇒ Visita de Nacho á casa de Jordi:

- ¿Qué lle pide Nacho a Jordi?
- ¿Róuballe algo Nacho a Jordi?

⇒ Jordi coñece a Ania:

- ¿Cómo a coñece?
- ¿Cómo crees que se sentía Ania?
- ¿Tiña a culpa de algo?
- ¿Por qué lle pegan unha malleira?
- ¿Por qué non lle conta nin ós seus pais nin ós seus profesores?
- ¿Por qué lle conta a Jordi?

⇒ Prostituta:

- ¿Por qué levan a Jordi a ese lugar?
- ¿Qué sucede nesa escena?

⇒ Bruno:

- Cando Bruno se decata do que lle pasa a Jordi, contallo a súa nai e pega a Nacho, ¿son correctas esas dúas actuacións?, ¿por qué?
- ¿Qué fai Nacho despois de que lle pegase Bruno?

⇒ Internet:

- ¿Qué mensaxe recibe Jordi por Internet?
- ¿Con qué o ameaza Nacho?

⇒ Reunión no instituto:

- ¿Por qué a nai lle bota a culpa á directora?
- ¿Por qué a directora lle bota a culpa á nai?
- ¿Quén ten a culpa?

Ficha 5: PELÍCULA "KLASS"



Sinopse

Klass (Ilmar Raag, 2007) aborda con intenso dramatismo o acoso e violencia nos centros educativos. Impactante película, con personaxes próximos e cribles, ao que contribúen os novos actores, a planificación, a gravación cámara ao ombro, e a música. Joosep (Pärt Uusberg) é un mozo introvertido e tímido que é maltratado sistematicamente polos matóns do seu curso e co beneplácito de toda a clase, agás de Kaspar (Valo Kirs). Kaspar non forma parte da complicidade do sistema. Defendelo, especialmente de Anders (Lauri Pedaja), o fachendoso e fanfurriñeiro líder da clase que se ampara no anonimato do grupo. E defendelo das súas bromas, que pasan a ser afrontas, e das afrontas, que pasan a ser vexacións (vexacións que non só abranguen a Joosep senón agora tamén a Kaspar). Cando Joosep e

Kaspar chegan ó límite da súa paciencia, deciden vingarse dunha forma inesperada que aterroriza á escola, amosando así as consecuencias do acoso escolar.

Klass é unha película baseada nunha historia real que se presenta en 7 partes, relato de 7 días. A tensión da narración avanza ata a última escena, dunha crudeza visual poucas veces lograda.

Cando a película finalice, hai que cubrir as seguintes preguntas (pode facerse en grupo ou de xeito individual; logo haberá que expor as impresións con toda a clase):

1. ¿Qué che transmitiu a película?

2. Describe o grupo dos agresores e ó grupo dos agredidos.

3. ¿Cómo valoras a actitude dos compañeiros de clase?, ¿e dos profesores?, ¿e a actitude das familias dos protagonistas?

4. ¿Qué opinas do tráxico final?, ¿qué outras alternativas se che ocorren para frear esta inxustiza?

5. ¿Cal é o momento no que o acoso pasa de ser unha "broma" a ser un "delito"?

Ficha 6: CUESTIONARIO SOBRE A CONVIVENCIA NO INSTITUTO

Sexo:	<input type="checkbox"/> Chico	<input type="checkbox"/> Chica	Idade:	<input type="text"/>	Curso:	<input type="text"/>
-------	--------------------------------	--------------------------------	--------	----------------------	--------	----------------------

1. No que levamos de curso, cantas veces tiveches situacións como estas no Instituto:

SITUACIÓNS	Nunca	Unha vez	Varias veces	Moitas veces
1. Empuxáronte a propósito				
2. Pegáronte: golpes, patadas, puñetazos, ...				
3. Ameazáronte				
4. Dixeron mentiras e comentarios sobre ti				
5. Burláronse de ti				
6. Insultáronte ou puxéronte motes que non te gustan				
7. Roubáronte ou quitáronte algún obxecto persoal				
8. Rompéronte algo: mochila, libros, ...				
9. Rexeitáronte para facerte dano				
10. Intentaron que lles deras cartos á forza				
11. "Metéronte man" ou "toqueteáronte" sen o teu consentimento				
12. Pelexaches con algún compañeiro ou compañeira				
(Escribe ti outras situacións que te ocorreran e que non estean recollidas anteriormente)				

2. Sinala o lugar ou os lugares onde soes ter eses problemas:

<input type="checkbox"/> Na clase	<input type="checkbox"/> Nos pasillos	<input type="checkbox"/> Nos servizos
<input type="checkbox"/> Nos patios de recreo	<input type="checkbox"/> Na entrada ou na saída	<input type="checkbox"/> No ximnasio
<input type="checkbox"/> Na rúa	<input type="checkbox"/> Outro:	<input type="checkbox"/> Outro:

3. ¿Cal é a clase das persoas que te agrediron ou se "meteron" contigo?:

<input type="checkbox"/> Non o sei	<input type="checkbox"/> Da miña clase	<input type="checkbox"/> Do meu curso, mais doutra clase
<input type="checkbox"/> Dun curso superior	<input type="checkbox"/> Dun curso inferior	<input type="checkbox"/> Outro:

4. Se padeciches algunha das anteriores situacións, indica a túa reacción:

<input type="checkbox"/> Deféndome, máis non agredo a ninguén	<input type="checkbox"/> Deféndome e devolvo a agresión	<input type="checkbox"/> Cántollo os meus amigos/as
<input type="checkbox"/> Calo e aguanto	<input type="checkbox"/> Disimulo e fago que non me importa	<input type="checkbox"/> O digo a un profesor/a
<input type="checkbox"/> O conto na casa	<input type="checkbox"/> Outro:	<input type="checkbox"/> Outro:

5. Si te tiveras que situar con respecto a esta cuestión, ¿cómo te considerarías?

Unha vítima, soen meterse comigo	Non me afectan esta cousas, non me meto coa xente	Ás veces, “pásome” con algún compañeiro /a
----------------------------------	---	--

Escribe como te atopas no Instituto e o por qué. Podes poñer o teu nome se o desexas:

Ficha 7: CUESTIONARIO DE CLIMA DE CENTRO E AULA

Xustificación

A pretensión deste cuestionario é coñecer como se atopa o alumnado na clase e no Instituto, así como observar a evolución da convivencia. Queremos coñecer a túa opinión sobre os posibles problemas de convivencia e sobre cómo poderían resolverse. Non é un control, nin un exame, e tódalas respostas son válidas. Pedímosche a túa colaboración e te garantimos a confidencialidade dos resultados. É moi importante que respondas coa máxima sinceridade e, se tes algunha dúbida, ergas a man e preguntes ó entrevistador. O cuestionario é anónimo polo que non precisas escribir o teu nome máis, antes de comezar, pedímosche que nos informes do seguinte:

Pon unha cruz na túa resposta:

1. Estou no curso:							
1º ESO		2º ESO		3º ESO		4º ESO	

1. Son un / unha:			
CHICO		CHICA	

3. Este é o meu primeiro ano no instituto:			
SI		NON	

Instrucións para cumprimentar o cuestionario

Marca cunha cruz a resposta coa que estes de acordo.

Na maioría das preguntas, so tes que marcar unha opción, máis non en todas. Por iso, é importante que prestes atención á instrución da pregunta cando se te indique que debes marcar so dúas respostas.

Noutras preguntas pedirémoste o teu grao de acordo coa afirmación precedente: tamén nestas, so tes que poñer unha cruz na opción elixida.

Lembrámoste que, se tes algunha dúbida, ergas a man e preguntes ó entrevistador/a.

MOITAS GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN

1. Consideras que as agresións e os conflitos no Instituto son problemas...	
<input type="checkbox"/>	a) Moi frecuentes
<input type="checkbox"/>	b) Bastante frecuentes
<input type="checkbox"/>	c) Relativamente frecuentes
<input type="checkbox"/>	d) Pouco frecuentes
<input type="checkbox"/>	e) Nada frecuentes

2. ¿Qué tipo de agresións son as máis frecuentes entre os alumnos e alumnas? (Sinala so dúas respostas).

a) Non existen agresións de importancia.
b) Agresións físicas: empurrar, pegar, ...
c) Agresións verbais: insultar, ameazar, meterse con alguén, ...
d) Aislamento social, rexeitamento, presión psicolóxica, ...
e) Chantaxe.
f) Destrozos de material, roubos, ...
g) Outros. Por favor escribe cales:

3. Os conflitos máis frecuentes na miña clase son... (Sinala so dúas respostas).

a) Malas maneiras e faltas de respecto dos alumnos/as cara os profesores/as.
b) Agresións, gritos, malos modos entre alumnos e alumnas.
c) Vandalismo ou destrozo de obxectos e materiais.
d) Conflitos entre o profesorado.
e) Malas maneiras e faltas de respecto do profesorado cara ó alumnado.
f) Alumnos e alumnas que non deixan que a clase se de.
g) Outros. Por favor, escribe cales:

4. Dende que comezou o curso, ¿algún compañeiro/a ou grupo de compañeiros/as metéronse contigo, ríronse de ti, agredíronte ou falaron mal de ti, ou sentes que maltratáronte ou abusaron de ti?

a) Non, nunca o fixeron.
b) Unha ou dúas veces.
c) De vez en cando.
d) Con moita frecuencia.
e) Ocorrémeme sempre.

5. Se na pregunta anterior marcaches a C, D ou E, contesta a seguinte, senón vai á pregunta 6: ¿Cómo es tratado/a polos teus compañeiros/as dende que comezou o curso?

	Nunca	Ás veces	A miúdo	Sempre
Ignóranme (pasan de min e fanme o bacío)				
Non me deixan participar				
Insúltanme				
Póñenme motes que me ofenden				
Falan mal de min				
Escóndenme cousas				
Rómpenme cousas				
Róubanme cousas				
Péganme				
Ameázanme so para meterme medo				
Obríganme a facer cousas que non quero con ameazas				
Acósanme sexualmente				
Ameázanme con armas (paus, navallas, ...)				

6. Dende que comezou o curso, ¿méteste con alguén, riste de alguén, agrediches ou falaches mal de alguén, ou sentes que maltrataches ou abusaches dalgún compañeiro/a?

a) Non, nunca o fixeron.
b) Unha ou dúas veces.
c) De vez en cando.
d) Con moita frecuencia.
e) Sempre o fago.

**7. Se na pregunta anterior marcaches a C, D ou E, contesta a seguinte, senón vai á pregunta 8:
¿Cómo te comportas con el ou ela?**

	Nunca	Ás veces	A miúdo	Sempre
Ignóroo/a (paso del ou dela e lle fago o bacío)				
Non lle deixo participar				
O insulto				
Póñolle motes que o ofenden ou ridiculicen				
Falo mal del ou dela				
Escóndolle cousas				
Rómpolle cousas				
Róubolle cousas				
Pégolle				
Ameázoo/a so para meterlle medo				
Obrígolle a facer cousas que non quere con ameazas				
Acósoo/a sexualmente				
Ameázoo/a con armas (paus, navallas, ...)				

8. Cando tes un problema persoal, ¿cres que podes contar con alguén do instituto para que te axude? (Sinala so dúas respostas).

a) Con un ou dous compañeiros/as.
b) Con un delegado/a ou representante da miña clase.
c) Con un irmán ou irmá ou amigo/a maior.
d) Co titor ou titora.
e) Con outro profesor ou profesora.
f) Cun membro do Equipo Directivo.
g) Cun membro do persoal non docente.
h) Co meu pai ou a miña nai.
i) Non podo contar con ninguén.
j) Con outras persoas. Por favor, indica quién:

9. Cando hai conflitos de convivencia no instituto, normalmente resólvense... (Sinala so dúas respostas).

a) Dialogando e chegando a acordos.
b) Con castigos e sancións.
c) Sermonando.
d) Tratando o conflito entre todos/as: titor/a, profesorado, xefatura de estudos, alumnado, ...
e) Tratando o conflito na hora de titoría.
f) Non dándolle importancia e deixándoo pasar.
g) Outras. Por favor, indica cales:

10. Cando se toman decisións que consideras importantes no instituto... (Sinala so dúas respostas).

a) Dis a túa opinión directamente ó profesor ou profesora.
b) Dis a túa opinión ó delegado/a da clase.
c) Dis a túa opinión en titoría.
d) Non dis a túa opinión porque cres que non te van a facer caso.
e) Non dis a túa opinión porque non te interesa.
f) Outras. Por favor, indica cáles:

11. Cando se planean actividades especiais no instituto (excursións, festas, encontros deportivos, ...) ti intentas participar na organización:

a) Regularmente.
b) De vez en cando.
c) Non, porque non me interesa.
d) Non, porque non me fan caso.
e) Outras. Por favor, indica cales:

12. Consideras que as relacións e a comunicación entre alumnos/as son:

a) Moi boas.
b) Boas.
c) Normais.
d) Pouco satisfactorias.
e) Malas.

13. Consideras que as posibles solucións ós problemas de convivencia serían... (Sinala so dúas respostas).

a) Traballar os temas de convivencia en todo o centro.
b) Facer que todos os profesores/as apliquen por igual as normas de convivencia.
c) Favorecer maior participación do alumnado na resolución dos problemas.
d) Poñer aparte ós alumnos e alumnas que pórtanse mal na clase habitualmente.
e) Facer que profesores e profesoras apliquen sancións estritas.
f) Favorecer unha maior participación das familias na resolución dos problemas.
g) Non hai solución posible para os conflitos de convivencia.
h) Outras. Por favor, indica cales:

Marca cunha cruz a casilla correspondente ó teu grao de aceptación coa seguinte afirmación:

1. Nada de acordo 2. Algo de acordo 3. Bastante de acordo 4. Totalmente de acordo

	Nada	Algo	Bastante	Totalmente
Aínda que non cheguemos sempre a acordos no instituto, podemos manifestar a nosa opinión de maneira aberta.				
A maneira de abordar os problemas ou conflitos do Equipo Directivo é adecuada.				
Síntome moi ben no instituto e teño moitos amigos/as.				
Nas clases, profesorado e alumnado elaboramos un pequeno nº de normas que aplícanse habitualmente.				

14. As relacións entre os seguintes grupos son boas:

	Nada	Algo	Bastante	Totalmente
Os profesores e profesoras entre si.				
Os alumnos e alumnas cos profesores e profesoras.				
Os alumnos e alumnas entre si.				
As familias cos profesores e profesoras.				
O Equipo Directivo cos alumnos e alumnas				

	Nada	Algo	Bastante	Totalmente
No instituto préstase moita atención e dásele moita importancia cando un alumno ou alumna métese constantemente con outro ou outras profesores e profesoras entre si.				

	Todos os profesores	A maioría dos profesores	Poucos profesores	Ningún profesores
Síntome satisfeito coa ensinanza de...				
Comunicánnos claramente ós alumnos/as qué comportamento é o adecuado e cal non dende que comeza o curso.				
Na miña clase as faltas de disciplina as controlan rápida e adecuadamente.				
Na miña clase tratan a todos os alumnos/as por igual e sen favoritismos.				
Na miña clase piden e teñen en conta a opinión dos alumnos/as para resolver os problemas.				
Na miña clase coñecen a todos os alumnos/as.				
Na miña clase hai un trato frío e distante cos alumnos/as por parte de...				
Na miña clase propoñen con frecuencia realizar traballos en grupo ou por parellas.				

	Todos os alumnos	A maioría dos alumnos	Poucos alumnos	Ningún alumno
Na miña clase trátase igual a rapaces e rapazas.				
Na miña clase acéptanse as diferenzas individuais (formas de ser, físico, gustos, ...) e tratámonos con respecto.				
Na miña clase gústanos que haxa alumnos/as de países e culturas diferentes a...				
Na miña clase manteño boas relacións de amizade con...				
Cando teño que realizar traballos escolares, na miña clase podo contar con...				
Se teño problemas persoais, na miña clase podo contar con...				